



CONCELLO DE BURELA

BANDO

DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DURANTE O ESTADO DE ALARMA DECLARADO COMO CONSECUENCIA DO COVID-19: CRITERIOS PARA O CÁLCULO E DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE, AFORO OU GRADO DE OCUPACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS E LOCAIS COMERCIAIS ABERTOS AO PÚBLICO E TERRAZAS, E OUTRAS CUESTIÓNS RELACIONADAS

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BURELA FAI SABER:

PRIMEIRO. Como consecuencia da entrada en vigor do Estado de Alarma en todo o territorio nacional, en virtude do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo – o cal trae causa da emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 -, o Goberno do Estado, adoptou diversas medidas de contención do devandito virus que, polo que aquí interesa e con carácter xeral, determinou, nun primeiro momento e consonte o seu artigo 10, a suspensión de diversas actividades desenvoltas en moitos dos establecementos e locais comerciais abertos ao público, e, de forma específica, dentro do ámbito destes últimos, a suspensión das actividades recreativas e espectáculos públicos, nas que se inclúen as actividades de hostalería e restauración.

Porén, no momento actual, o Goberno está iniciando un proceso de redución das restricións impostas no devandito Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, en particular, as medidas de suspensión das referidas actividades desenvoltas nos establecementos e locais comerciais abertos ao público, aos que fai referencia o seu artigo 10, que, como se expresou, afecta tamén ás actividades de hostalería e restauración.

Así as cousas, o Consello de Ministros, con data 28 de abril de 2020, adoptou un plan para “[...] a *transición cara unha nova normalidade* [...]”, onde se establece un proceso articulado en catro fases – da fase 0 á fase 3 -, en virtude do cal as medidas de contencións adoptadas – incluídas as de suspensión das actividades desenvoltas nos establecementos e locais e comerciais establecidas no artigo 10 do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo -, irán flexibilizándose gradualmente en función da evolución dos datos epidemiolóxicos e do impacto das medidas adoptadas.

Pois ben, na medida en que os criterios que se van establecer polo Ministerio competente, en orde a regular a progresiva reapertura dos referidos establecementos e locais comerciais, vanse fixar, entre outros, en función da capacidade, aforo ou grado de ocupación destes, mediante o presente Bando, procédese, por parte da Alcaldía do Concello de Burela, a informar sobre os criterios normativos que deben terse en conta para proceder ao cálculo da capacidade dos establecementos comerciais, de forma ordinaria, e que servirán, no seu caso, para determinar, por un lado, o aforo ou grado de ocupación real do establecemento ou local, e, por outro, para establecer a base sobre a que aplicar os eventuais criterios ou condicións restritivas impostas polas normas excepcionais que se diten como consecuencia do devandito Estado de Alarma e da implementación do plan para “[...] a *transición cara unha nova normalidade* [...]”.

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 5Q4QS7YNC7TIN5DAL2GAX9NR4E | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 17



Así mesmo, o presente Bando tamén ten por obxecto trasladar ás persoas titulares dos devanditos establecementos e locais comerciais onde se desenvolven actividades económicas, cal é a información obrigatoria que deben subministrar ás persoas usuarias ou consumidoras.

De igual xeito, mediante o presente Bando tamén se informa sobre as eventuais sancións que poderían impoñerse aos responsables do incumprimento da normativa, tanto local, como autonómica, reguladora das actividades comerciais e económicas desenvoltas no ámbito do Concello de Burela, no referente ao exceso de capacidade, aforo ou grado de ocupación, ao desenvolvemento de actividades carecendo de título xurídico habilitante, incumprindo as súas condicións ou as condicións establecidas pola normativa vixente, e ao incumprimento da obriga de información.

E finalmente, este Bando establece un mecanismo de consulta áxil que permitirá aos diversos sectores sociais e económicos do Concello, e ás persoas que os conforman, formular ante os Servizos Municipais de Medio Ambiente e Urbanismo, calquera cuestión ou dúbida de índole xurídica ou técnica sobre as cuestións obxecto do referido edicto, ou de calquera outra relacionada co inicio e desenvolvemento de actividades económicas en establecementos ou locais comerciais abertos ao público.

SEGUNDO. O réxime xurídico que resulta de aplicación para a determinación da capacidade, aforo ou grado de ocupación dos establecementos ou locais comerciais abertos ao público sitos no termo municipal do Concello de Burela, así como aquel que establece a información obrigatoria que deben subministrar as persoas titulares, e o réxime sancionador de aplicación, sen prexuízo doutras normas sectoriais, vén constituído por:

- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia (no sucesivo, LEPARG).
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia (no sucesivo, LECEG).
- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (no sucesivo, RIAE).
- Ordenanza sobre Regulación Integrada de Actividades Económicas, Apertura de Establecementos e Desenvolvemento de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas no Concello de Burela - publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 32, do 7 de febreiro de 2019 – (no sucesivo, ORIAE).
- Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia (no sucesivo, CEPARG).
- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana (no sucesivo, TRLSRU)
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (no sucesivo, LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (no sucesivo, RLSG).
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Burela (no sucesivo, PXOM).
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 5Q4QS7YNC1T1N5DAL2GAX9NR4E | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 17



da Edificación (CTE). DB-SI.3 - seguridade en caso de incendio/evacuación de ocupantes -.

TERCEIRO. Sobre a base do réxime xurídico exposto e sen prexuízo do disposto noutras disposicións legais ou regulamentarias de carácter sectorial que poidan resultar de aplicación, é responsabilidade desta Alcaldía informar sobre os seguintes extremos:

A) OBRIGA DE ADAPTACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS E LOCAIS COMERCIAIS Á NORMATIVA VIXENTE EN CADA MOMENTO.

Con carácter previo, debe sinalarse que, no ámbito do Concello de Burela, como consecuencia dos diversos cambios normativos operados no ámbito estatal, autonómico e local, en relación ao réxime de intervención das Administracións locais sobre as actividades económicas, o desenvolvemento destas últimas estase realizando ao amparo e con suxeición a diversos tipos de títulos xurídicos habilitantes; isto é, neste termo municipal a multiplicidade de actividades económicas que se desenvolven no seu ámbito territorial, fano en moitos casos en virtude de licencias de actividade, comunicacións previas e declaracións responsables para a o inicio de actividade, outorgadas, efectuadas ou presentadas ao amparo de normativas xa derogadas ou, ao amparo dunha versión da normativa vixente que foi modificada con posterioridade a súa aprobación inicial.

Débase sinalar que, a circunstancia anterior non determina, “*per se*”, que os referidos títulos xurídicos habilitantes carezan de validez e eficacia para desenvolver unha determinada actividade, agora ben, o que si debe terse en conta é que, con independencia da data en que se iniciou unha actividade nun establecemento ou local comercial, con independencia do título xurídico habilitante en virtude do cal esta se desenvolve, e con independencia da normativa que estivese en vigor no momento do inicio da mesma, todas as persoas titulares teñen a obriga, non só de manter as mesmas condicións que tiñan cando tales actividades foron iniciadas, senón tamén a de adaptar as súas instalacións ás novas condicións que posteriores normativas establezan – artigo 27.1 da LECEG, e 4 da ORIAE -.

Dito doutro xeito, **ao marxe das condicións fixadas no título xurídico habilitante que ampara o exercicio ou desenvolvemento dunha actividade nun determinado establecemento ou local comercial** – sexa dito título xurídico habilitante unha licenza de actividade, unha comunicación previa ou unha declaracións responsable -, **é obriga das súas persoas titulares adaptar ditos establecementos e locais e o propio desenvolvemento da actividade, ás condicións, requisitos e obrigas establecidas na normativa vixente en cada momento que lles resulte de aplicación** – en particular, en materia de seguridade, salubridade, accesibilidade e calidade ambiental, se ben sen prexuízo, loxicamente, das eventuais excepcións que poidan establecer ditas normas de aplicación, ou o posible período transitorio que poidan fixar estas para a súa adaptación -.

A estes efectos, cando con motivo da entrada en vigor dunha nova normativa que lles resulte de aplicación, sexa preciso adaptar os establecementos e locais comerciais ás condicións, requisitos e obrigas, establecidos nesta, será obrigatorio poñelo en coñecemento do Concello de Burela - a través da oportuna comunicación ou declaración responsable -, ou obter a preceptiva licenza, segundo sexa o caso e nos termos e co alcance establecidos na normativa local





e autonómica reguladora do desenvolvemento de actividades económicas.

Certamente, a día de hoxe, tras a entrada en vigor da LECEG, e tras a reforma operada en dita norma legal pola LEPARG, só o inicio e modificación substancial da actividade relativa a concretos espectáculos públicos e actividades recreativas está suxeito a licenza – artigos 41 e 41 ter da LECEG -, mentres que o inicio e modificación da maior parte de espectáculos públicos e actividades recreativas, está suxeito a declaración responsable – artigo 40 da LECEG -, sendo que a iniciación e modificación das restantes actividades económicas non vinculadas a tales espectáculos públicos e actividades recreativas – artigos 23 e seguintes da LECEG -, está sometida a comunicación previa – loxicamente, todo elo sen prexuízo dos títulos xurídicos habilitantes que resulta preceptivo, desde o punto de vista urbanístico e, no seu caso, sectorial, obter ou efectuar, para poder executar as eventuais obras que sexan precisas para proceder a adaptar e/ou modificar a actividade e o establecemento ou local en que esta sen desenvolve, á normativa que lle resulte de aplicación (artigos 42 bis da LECEG, 364 do RLSG, 11 e 12 da RIAE, e 15 e 38 da ORIAE) -.

En todo caso, o marco xurídico para o desenvolvemento de actividades económicas no Concello de Burela, hoxe vén determinado, con carácter xeral, pola LECEG, o RIAE e a ORIAE, e, de xeito específico, respecto dos espectáculos públicos e actividades recreativas, ademais das anteriores, pola LEPARG e o CEPARG.

B) ADAPTACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS OU LOCAIS COMERCIAIS ABERTOS AO PÚBLICO ONDE SE DESENVOLVEN ACTIVIDADES ECONÓMICAS, ÁS CONDICIÓNS, REQUISITOS E OBRIGAS, ESTABLECIDAS NAS DISPOSICIÓNS ESTATAIS DE CARÁCTER XERAL QUE TEÑEN POR OBXECTO IMPLEMENTAR O PLAN PARA “[...] A TRANSICIÓN CARA UNHA NOVA NORMALIDADE [...]”, COMO CONSECUCENCIA DA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA DERIVADO DA EMERXENCIA SANITARIA PROVOCADA POLO COVID-19.

Como consecuencia do explicitado no apartado anterior, e, loxicamente, dada a prevalencia das normas excepcionais ditadas como consecuencia da declaración do Estado de Alarma - en virtude do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, e as súas sucesivas prórrogas -, sobre a legalidade ordinaria en vigor – cuestión que non determina, en ningún caso, que ditas leis ou normas ordinarias non sexan aplicables, senón que, en caso de contradición coas normas ditadas no marco do Estado de Alarma, prevalecerán, estas últimas sempre e cando sexan máis restritivas -, todos os establecementos ou locais comerciais abertos ao público onde se desenvolven actividades económicas, están obrigados a cumprir as condicións, requisitos e obrigas que, tras a inicial suspensión do seu exercicio, teñen por obxecto implementar o plan para “[...] a transición cara unha nova normalidade [...]”.

Polo tanto, **as normas ou disposicións de carácter xeral que vaia ditando o Ministerio de Sanidade co fin de implementar o plan para “[...] a transición cara unha nova normalidade [...]”** - ou, no seu caso, o propio Goberno do Estado, ou calquera outro dos Ministerios cuxa persoas titulares ostentan a condición de autoridades competentes delegadas -, **e en cuxo ámbito de aplicación se atopen as actividades económicas desenvoltas en ditos establecementos ou locais comerciais abertos ao público, serán de obrigado cumprimento para as persoas titulares destes**, en particular, en materia de: (i) seguridade e hixiene; (ii) capacidade, aforo ou grado de

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 5Q4Q57YNC1T5NDAL2GAX9NR4E | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 17



ocupación; (iii) condicións para o desenvolvemento da actividade; (iv) información aos usuarios e consumidores; (v) e calquera outra que poda ter incidencia tanto na actividade económica como no establecemento ou local onde se desenvolve.

Neste contexto, débese sinalar, en primeiro termo que, **na medida en que a adaptación das actividades desenvoltas nos establecementos e locais comerciais, a tales requisitos, obrigas e condicións, impostas polas normas estatais que implementan o plan para “[...] a transición cara unha nova normalidade [...]”, teñen carácter excepcional e transitorio, non é preciso que as modificacións realizadas a estes sós efectos sexan comunicadas ao Concello de Burela**, nos termos esixidos pola LECEG, polo RIAE, e pola ORIAE.

Agora ben, compre advertir que, calquera outra modificación das actividades económicas ou dos establecementos e locais onde estas se desenvolven - sexa está substancial ou non -, que non estean vinculadas ou non teñan por obxecto a adaptación aos requisitos, obrigas e condicións establecidas nas normas estatais que implementan o devandito plan para “[...] a transición cara unha nova normalidade [...]”, deberán suxeitarse preceptivamente ao réxime de intervención administrativa, establecido na normativa autonómica e local reguladora do desenvolvemento de actividades económicas – nomeadamente, sen prexuízo doutras normas sectoriais e técnicas que resulten de aplicación, á LECEG, ao RIAE, e á ORIAE -.

Significar que, o anterior, non empece ás facultades de inspección e control tanto dos Servizos e da Policía Local do Concello de Burela, como das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, para comprobar, por unha parte, o cumprimento das normas estatais que implementan o plan para “[...] a transición cara unha nova normalidade [...]”, no tocante aos requisitos, obrigas e condicións, impostas para o desenvolvemento das actividades económicas, e, por outra, o cumprimento xeral da legalidade que lle resulta de aplicación a estas últimas.

C) CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE, AFORO OU GRADO DE OCUPACIÓN, DUN ESTABLECIMENTO OU LOCAL COMERCIAL ABERTO AO PÚBLICO, EN CIRCUNSTANCIAS ORDINARIAS, AO MARXE DAS LIMITACIÓNS IMPOSTAS AO DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE OU ACTIVIDADES, POLAS DISPOSICIÓNS ESTATAIS DE CARÁCTER XERAL QUE TEÑEN POR OBXECTO IMPLEMENTAR O PLAN PARA “[...] A TRANSICIÓN CARA UNHA NOVA NORMALIDADE [...]”, COMO CONSECUCENCIA DA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA DERIVADO DA EMERXENCIA SANITARIA PROVOCADA POLO COVID-19

1. ESTABLECIMENTOS OU LOCAIS ABERTOS AO PÚBLICO ONDE SE DESENVOLVEN ACTIVIDADES RECREATIVAS E ESPECTÁCULOS PÚBLICOS (CAFÉS, BARES, RESTAURANTES, PUBS, DISCOTECAS, ETC) – artigos 3 da LEPARG, 6 e 7 do CEPARG, e 3 da ORIAE -.

- Neste concreto ámbito de actividade comercial e/ou económica, enténdese por establecemento aberto ao público aquel local, instalación ou recinto no cal se desenvolve unha espectáculo público ou actividade recreativa (p. ex. cafés, bares, restaurantes, pubs, discotecas, ou calquera das actividades recollidas no CEPARG).

- As tipoloxías de establecementos abertos ao público onde se





desenvolven espectáculos públicos ou actividades recreativas, son as seguintes:

a) Locais cerrados, permanentes non desmontables, cubertos total ou parcialmente.

b) Locais non permanentes desmontables, cubertos total ou parcialmente, ou instalacións fixas portátiles ou desmontables pechadas.

c) Recintos que unen varios locais ou instalacións, constituídos en complexos ou infraestruturas de lecer.

- Por **capacidade dos establecementos abertos ao público** onde se desenvolven espectáculos públicos ou actividades recreativas, enténdese **o número máximo de persoas, calculado de conformidade co establecido no CTE ou norma básica que o substitúa, respecto da evacuación de ocupantes e a seguridade en caso de incendio ou outras situacións de risco.**

- En consecuencia, para o cálculo e determinación da capacidade, aforo ou grado de ocupación, dun establecemento aberto ao público onde se desenvolven espectáculos públicos ou actividades recreativas, haberá de estarse ao disposto ao Documento básico DB-SI.3 - seguridade en caso de incendio/evacuación de ocupantes -, do CTE.

- No eventual suposto en que no condicionado do título xurídico habilitante que ampara o desenvolvemento da actividade – sexa este licenzia de actividade, comunicación previa ou declaración responsable -, non conste a capacidade, aforo ou grado de ocupación do establecemento ou local, ou, o que figure no mesmo non fose calculado e determinado consonte ao disposto ao Documento básico DB-SI.3 - seguridade en caso de incendio/evacuación de ocupantes -, do CTE, deberá procederse a determinalo consonte o disposto en dita norma regulamentaria mediante o correspondente informe e/ou memoria técnica xustificativa suscrita por técnico competente, e poñer en coñecemento do Concello de Burela dito extremo a través da presentación da oportuna comunicación ou declaración responsable, segundo sexa o caso – a excepción da modificación substancial de espectáculos públicos e actividades recreativas suxeitas a licenza consonte o disposto nos artigos 41 e seguintes da LECEG, en cuxo caso, a tamén estarán suxeitos a licenza -.

2. TERRAZAS INSTALADAS AO AIRE LIBRE OU NA VÍA PÚBLICA, ANEXAS A UN ESTABLECIMENTO ABERTO AO PÚBLICO - artigos 41 b), 41 ter., e 42 ter., da LECEG, e 44 b), 46, e 48 da ORIAE -.

- Todas aquelas **terrazas instaladas ao aire libre ou na vía pública anexas ou vinculadas a un establecemento aberto ao público están suxeitas a licenza de actividade**, e, sen prexuízo doutras normas sectoriais de aplicación, deben cumprir coas normas técnicas, urbanísticas e de accesibilidade que lles resulten de aplicación – no caso da accesibilidade, deberán cumprir co disposto no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia, no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de





barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, na Ordenanza municipal de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas do Concello de Burela (Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 104, do 9 de maio de 2015), e, nomeadamente, o disposto na Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados -.

- Sen prexuízo do anterior, no eventual suposto de que as devanditas terrazas estean **situadas no ámbito do dominio público titularidade do Concello de Burela**, ademais da licenza de actividade, deberase obter, para a súa instalación e para o desenvolvemento de calquera actividade no seu ámbito, a preceptiva **licenza ou autorización de ocupación**, de conformidade coas normas reguladoras do uso dos bens de dominio público local - Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas -.

- **A superficie, a capacidade, aforo ou grado de ocupación das terrazas referidas, así como os elementos que as conforman (mesas, cadeiras, etc.), e a súa situación no espazo que estes ocupan, deberán ser os que figuran no proxecto ou documento técnico en virtude do cal se outorgaron tanto a licenza de actividade, como, no seu caso, a licenza ou autorización de ocupación.**

- Calquera modificación da actividade desenvolta nas terrazas referidas – incluída a súa capacidade, aforo ou grado de ocupación, e os elementos que a conforman e a súa situación no espazo que estas ocupan -, deberá ser obxecto de licenza municipal ou de comunicación ao Concello, segundo a modificación se poida considerar substancial ou non, e todo elo nos termos da LECEG e a ORIAE do Concello de Burela.

- Loxicamente, o anterior débese entender sen prexuízo daqueles títulos xurídicos habilitantes que, desde o punto de vista urbanístico, resulte preceptivo obter ou efectuar, para poder executar as eventuais obras ou instalacións – desmontables ou non -, que sexan precisas para instalar e/ou modificar a devandita terraza – artigos 42 bis da LECEG, 364 do RLSG, 11 e 12 da RIAE, e 15 e 38 da ORIAE -.

3. OS RESTANTES ESTABLECEMENTOS OU LOCAIS ABERTOS AO PÚBLICO ONDE SE DESENVOLVEN ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

- Se ben, a diferenza da normativa reguladora dos espectáculos públicos e actividades, non existe ningunha disposición específica autonómica ou local, que estableza que debe entenderse por capacidade, aforo ou grado de ocupación, respecto das restantes actividades económicas, porén, como se avanzou anteriormente, consonte o disposto na normativa reguladora das mesmas, os establecementos ou locais abertos ao público onde se desenvolven deben adaptarse ás normas vixentes en cada momento, sempre e cando estas lles resulten de aplicación – artigos 27.1 da LECEG, e 4 da ORIAE -.

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 5Q4Q57YNC7T5NDAL2GAX9NR4E | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 17



- En consecuencia, os establecementos e locais onde se desenvolva unha actividade económica, necesariamente debe de adaptarse ás condicións, requisitos e obrigas, impostas, entre outras normas técnicas, no CTE e os documentos básicos que o conforman – lóxicamente, como xa se expresou, sen prexuízo das eventuais excepcións que poidan establecer ditas normas de aplicación, ou o posible período transitorio que poidan fixar estas para a súa adaptación -.

- Así as cousas, **para o cálculo e determinación da capacidade, aforo ou grado de ocupación, dun establecemento aberto ao público onde se desenvolva calquera actividade económica, haberá de estarse ao disposto ao Documento básico DB-SI.3 - seguridade en caso de incendio/evacuación de ocupantes -, do CTE.**

- No eventual suposto en que no condicionado do título xurídico habilitante que ampara o desenvolvemento da actividade – sexa este licencia de actividade, comunicación previa ou declaración responsable -, non conste a capacidade, aforo ou grado de ocupación do establecemento ou local, ou, o que figure no mesmo non fose calculado e determinado consonte ao disposto ao Documento básico DB-SI.3 - seguridade en caso de incendio/evacuación de ocupantes -, do CTE, deberá procederse a determinalo consonte o disposto en dita norma regulamentaria mediante o correspondente informe e/ou memoria técnica xustificativa suscrita por técnico competente, e poñer en coñecemento do Concello de Burela dito extremo a través da presentación da oportuna comunicación.

D) CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA A DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE, AFORO OU GRADO DE OCUPACIÓN, DUN ESTABLECIMENTO OU LOCAL COMERCIAL, EN FUNCIÓN DAS LIMITACIÓNS IMPOSTAS AO DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE COMO CONSECUENCIA DA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA DERIVADA DA SITUACIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA PROVOCADA POLO COVID-19.

1. A implementación ou aplicación do plan para “[...] *a transición cara unha nova normalidade* [...]”, por parte do Goberno, estase a facer, entre outros instrumentos, a través do ditado de diversas ordes ministeriais por parte do Ministerio de Sanidade, que establecen ou van establecer os requisitos, obrigas e condicións que deben ou deberán cumprir os establecementos e locais comerciais, para poder progresivamente proceder á súa apertura e ao desenvolvemento das actividades económicas que lle son propias.
2. Lóxica consecuencia do anterior é que, desde o momento da entrada en vigor de ditas disposicións estatais de carácter xeral, os referidos establecementos e locais comerciais, poderán ir desenvolvendo as súas actividades, adaptando as mesmas aos devanditos requisitos, obrigas e condicións que ditas normas fixen.
3. Neste contexto, como se avanzou anteriormente, **na medida en que a adaptación das actividades desenvoltas nos establecementos e locais comerciais, a tales requisitos, obrigas e condicións, impostas polas normas estatais que implementan o plan para “[...] a transición cara unha nova normalidade [...]”, teñen carácter excepcional e transitorio, non é preciso que as modificacións realizadas a estes sós efectos sexan comunicadas ao Concello de Burela**, nos termos esixidos pola LECEG, pola RIAE, e pola ORIAE.

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 5Q4QS7YNC7TNSDAL2GAX9NR4E | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 17



De novo, compre advertir e reiterar que, calquera outra modificación das actividades económicas ou dos establecementos e locais onde estas se desenvolven, sexa está substancial ou non, que non estean vinculadas ou non teñan por obxecto a adaptación aos requisitos, obrigas e condicións establecidas nas normas estatais que implementan o devandito plan para “[...] a transición cara unha nova normalidade [...]”, deberán suxeitarse preceptivamente ao réxime de intervención administrativa, establecido na normativa autonómica e local reguladora do desenvolvemento de actividades económicas – nomeadamente, sen prexuízo doutras normas sectoriais e técnicas que resulten de aplicación, á LECEG, ao RIAE, e á ORIAE -.

E tamén debe significarse novamente que, o anterior, non empece ás facultades de inspección e control tanto dos Servizos e da Policía Local do Concello de Burela, como das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, para comprobar, por unha parte, o cumprimento das normas estatais que implementan o plan para “[...] a transición cara unha nova normalidade [...]”, no tocante aos requisitos, obrigas e condicións, impostas para o desenvolvemento das actividades económicas, e, por outra, o cumprimento xeral da legalidade destas últimas.

4. Así as cousas, **no tocante ás limitacións e restricións que as normas estatais que implementan o plan para “[...] a transición cara unha nova normalidade [...]”, impoñan respecto da capacidade, aforo ou grado de ocupación, dos establecementos ou locais nos que se desenvolvan actividades económicas, débese indicar que estas materializaranse tomando como base a capacidade, aforo ou grado de ocupación, que conste no título xurídico habilitante que as ampare** – sexa este licenza de actividade, comunicación previa ou declaración responsable -, **sempre e cando a mesma fose fixada consonte o disposto no vixente Documento básico DB-SI.3 - seguridade en caso de incendio/evacuación de ocupantes -, do CTE.**
5. Como se avanzou anteriormente, no eventual suposto en que no condicionado do título xurídico habilitante que ampara o desenvolvemento da actividade – sexa este licenza de actividade, comunicación previa ou declaración responsable -, non conste a capacidade, aforo ou grado de ocupación do establecemento ou local, ou, o que figure no mesmo non fose calculado e determinado consonte ao disposto ao Documento básico DB-SI.3 - seguridade en caso de incendio/evacuación de ocupantes -, do CTE, deberá procederse a determinalo consonte o disposto en dita norma regulamentaria mediante o correspondente informe e/ou memoria técnica xustificativa subscrita por técnico competente, e poñer en coñecemento do Concello de Burela dito extremo a través da presentación da oportuna comunicación.

Pola contra, non será preciso comunicar a esta Administración local a capacidade, aforo ou grado de ocupación, dun establecemento ou local comercial, resultante da aplicación das limitacións ou restricións das normas estatais que implementan o plan para “[...] a transición cara unha nova normalidade [...]”, cando no Concello conste a verdadeira capacidade deste calculada e determinada consonte o disposto ao Documento básico DB-SI.3 - seguridade en caso de incendio/evacuación de ocupantes -, do CTE.





6. No particular suposto das **terrazas**, débese ter en conta que, ademais do xa exposto ata aquí, **as limitacións e restricións que as normas estatais - relativas ao plan para “[...] a transición cara unha nova normalidade [...]” - , impoñan respecto da súa capacidade, tomarán como base, segundo se estableza expresamente en ditas disposicións de carácter xeral, algunha ou todas as seguintes circunstancias ou extremos que figuren no título xurídico habilitante que as ampara: (i) ou a súa capacidade, aforo ou grado de ocupación; (ii) ou os elementos que as conforman (mesas, cadeiras, etc.); (iii) ou a situación no espazo que ditos elementos ocupan; (iv) ou a superficie que estas ocupan.**

Indicar que, neste caso, cando como consecuencia das limitacións ou restricións impostas ás terrazas polas normas estatais que implementan o plan para “[...] a transición cara unha nova normalidade [...]”, as persoas titulares das mesmas teñan que modificar o número de elementos que as conforman e a situación no espazo que estes ocupan, ditos extremos non terán que ser comunicados ao Concello, sempre e cando, claro está, os cambios efectuados se axusten estritamente ao disposto en ditas normas excepcionais – sen aumento da superficie ocupada, nin do número de elementos que as integran, nin das instalacións fixas ou desmontables que as conforman -, e sempre e cando dita terraza exerza a súa actividade legalmente, ao amparo dos preceptivos títulos xurídicos habilitantes – nomeadamente, licenza de actividade e, no seu caso, autorización de ocupación de dominio público -..

Pola contra, cando o que se pretenda é modificar a superficie ocupada – ou o número de elementos que as integran, ou as instalacións que as conforman -, será preceptivo solicitar a modificación dos títulos xurídicos habilitantes que amparan á terraza, de acordo co disposto nos artigos 41 ter, apartado primeiro, da LECEG, e 46.1 da ORIAE, en relación cos artigos 42 ter, de dita norma legal, e 48 de dita norma regulamentaria municipal, toda vez que o aumento de superficie implica unha variación que afecta á seguridade, salubridade e perigosidade da mesma.

Loxicamente, coa solicitude de modificación dos títulos xurídicos habilitantes que amparan á terraza coa finalidade de aumentar a súa superficie – ou o número de elementos que as integran, ou as instalacións que as conforman -, deberase achegar a mesma documentación esixida para a solicitude dunha nova licenza de actividade ou, no seu caso, dunha nova autorización de ocupación de dominio público, se ben, non será preciso con dita solicitude de modificación ter en conta as condicións, requisitos e obrigas, impostos polas normas estatais relativas ao plan para “[...] a transición cara unha nova normalidade [...]”, senón que a solicitude e a documentación achegada con ela deberá axustarse ás condicións impostas polas normas urbanísticas, técnicas e sectoriais, de aplicación ordinaria – en particular, deberán cumprir coas normas que garanten a accesibilidade nos espazos públicos, tales como o Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia, o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, a Ordenanza municipal de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas do Concello de





Burela (Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 104, do 9 de maio de 2015), e a Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados -.

Agora ben, no eventual suposto de que se autorice a modificación, a través do outorgamento da oportuna licenzia e, no seu caso, da autorización de ocupación de dominio público, en tanto en canto estean vixentes as normas estatais relativas ao plan para “[...] a *transición cara unha nova normalidade* [...]”, as condicións, requisitos e obrigas, impostas por estas últimas, prevalecerán sobre as condicións, requisitos e obrigas, establecidas na licenzia ou na autorización referidas – sempre e cando as establecidas nas devanditas normas estatais excepcionais sexan máis restritivas que as establecidas nos referidos títulos xurídicos -, se ben, unha vez que ditas normas estatais perdan o seu efecto, poderá levarse a cabo a actividade na devandita terraza con suxeición aos devanditos títulos xurídicos habilitantes.

7. No eventual suposto de que un establecemento ou local no que se desenvolva unha actividade económica, non dispoña dos títulos xurídicos habilitantes que lle permitan instalar unha terraza ao aire libre ou na vía pública, e desexe facelo e desenvolver nela a súa actividade durante o tempo en que estean en vigor as normas estatais relativas ao plan para “[...] a *transición cara unha nova normalidade* [...]”, a persoa titular do devandito establecemento ou local, deberá formular a oportuna de solicitude de licenzia de actividade e, no seu caso, de autorización de ocupación, nos estritos termos esixidos polos artigos 42 ter da LECEG, e 48 da ORIAE, e sen prexuízo do disposto nas normas reguladoras do uso dos bens de dominio público local.

Neste suposto, a solicitude da nova licenzia de actividade ou, no seu caso, da nova autorización de ocupación de dominio público, e a documentación que deberá achegarse á mesma, deberán axustarse ás condicións impostas polas normas urbanísticas, técnicas e sectoriais, de aplicación ordinaria – nomeadamente, as normas que garanten a accesibilidade en espazos públicos que se citaron no apartado anterior -, se ben, non será preciso que con dita solicitude se teñan en conta as condicións, requisitos e obrigas, impostas polas normas estatais relativas ao plan para “[...] a *transición cara unha nova normalidade* [...]”, por ter estas carácter excepcional e transitorio.

Dito o cal, no eventual suposto de que se outorgue a oportuna licenzia de actividade e, no seu caso, a autorización de ocupación de dominio público, en tanto en canto estean vixentes as normas estatais relativas ao plan para “[...] a *transición cara unha nova normalidade* [...]”, as condicións, requisitos e obrigas, impostas por estas últimas, prevalecerán sobre as condicións, requisitos e obrigas, establecidas na licenzia ou na autorización referidas – sempre e cando as establecidas nas devanditas normas estatais excepcionais sexan máis restritivas que as establecidas nos referidos títulos xurídicos -, se ben, unha vez que ditas normas estatais perdan o seu efecto, poderá levarse a cabo a actividade na devandita terraza con suxeición aos devanditos títulos xurídicos habilitantes.

E) INFORMACIÓN OBRIGATORIA QUE DEBEN FACILITAR E/OU

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 5Q4Q87YNC7TNSDAL2GAX9NR4E | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 17



SUBMINISTRAR OS ESTABLECEMENTOS E LOCAIS ONDE SE DESENVOLVEN ACTIVIDADES ECONÓMICAS AOS CONSUMIDORES E USUARIOS.

1. ESTABLECEMENTOS OU LOCAIS ABERTOS AO PÚBLICO ONDE SE DESENVOLVEN ACTIVIDADES RECREATIVAS E ESPECTÁCULOS PÚBLICOS (CAFÉS, BARES, RESTAURANTES, PUBS, DISCOTECAS, ETC), INCLUÍDAS AS TERRAZAS – artigo 19 da LEPARG -.

Sen prexuízo do disposto nas normas sectoriais que poidan resultar de aplicación – entre elas, a normativa reguladora da protección ás persoas consumidoras e usuarias, a do comercio, etc. -, nos establecementos abertos ao público onde se desenvolva algún dos espectáculos públicos ou actividades recreativas ás que fai referencia o CEPARG, deberase dispoñer nun lugar visible ao público e perfectamente lexible, nos dous idiomas oficiais de Galicia – galego e castelán -, a seguinte información:

a) O número de teléfono, o número de fax, o enderezo postal ou o correo electrónico para efectos de reclamacións ou peticións de información.

b) O horario de apertura e peche – consonte o disposto na Orde do 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA núm. 117, do 20 de xuño de 2005) -.

c) A copia da licenza municipal de apertura, no caso de que esta sexa exixible – de desenvolverse o espectáculo público ou actividade recreativa ao amparo dunha comunicación previa ou declaración responsable, non será obrigatorio que estea exposta nos termos esixidos no precepto legal citado, se ben, será preceptivo que se dispoña do orixinal presentado no establecemento ou local, aos efectos de acreditar a súa dispoñibilidade aos funcionarios públicos que ostentan o función de inspección e control nesta materia -.

d) A capacidade máxima - nos termos do artigo 7 do CEPARG, e consonte ao disposto ao Documento básico DB-SI.3 - seguridade en caso de incendio/evacuación de ocupantes -, do CTE -.

e) A existencia de follas de reclamación – nos termos do artigo 32 da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, e o Decreto 375/1998, do 23 de decembro, polo que se regulan as follas de reclamacións dos consumidores e usuarios -.

f) As limitacións de entrada e a prohibición de consumo de alcohol e tabaco a persoas menores de idade, de conformidade coa lexislación vixente – nos termos do artigo 14 da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, e artigos 14 e 15, da Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas, así como o Decreto 75/2001, do 22 de marzo, sobre control sanitario da publicidade, promoción, subministración, venda e consumo de produtos do tabaco, en relación co disposto na Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o subministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco .

g) As condicións de admisión determinadas de acordo co previsto no artigo 13 da LEPARG, no caso de existiren – o artigo 13 da LEPARG, regula o dereito de admisión dos establecementos ou locais onde se

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 5Q4QS7YNC7T5NDAL2GAX9NR4E | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 17



desenvolven espectáculos públicos e actividades recreativas e, polo tanto, de existiren condicións de admisión nos mesmos, estas deberán axustarse ao previsto en dito precepto legal e, ademais, dita información deberá ser exposta nos termos do artigo 19 de dita norma autonómica -.

h) As normas particulares ou instrucións elaboradas polo/a titular do establecemento para o normal desenvolvemento do espectáculo ou da actividade.

2. OS RESTANTES ESTABLECEMENTOS OU LOCAIS ABERTOS AO PÚBLICO ONDE SE DESENVOLVEN ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

As obrigas de información que deberán subministrar os restantes establecemento abertos ao público onde se desenvolven actividades económicas distintas ao espectáculos públicos e actividades recreativas, serán as que establezan as normas sectoriais que lles resulten de aplicación, nomeadamente, entre outras, as establecidas no Real Decreto Lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, na Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, e na Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

3. NORMAS ESPECÍFICAS RELATIVAS AO DEBER DE INFORMACIÓN DAS PERSOAS TITULARES DOS ESTABLECEMENTOS OU LOCAIS COMERCIAIS, ESTABLECIDAS POLAS DISPOSICIÓNS ESTATAIS DE CARÁCTER XERAL QUE TEÑEN POR OBXECTO IMPLEMENTAR O PLAN PARA “[...] A TRANSICIÓN CARA UNHA NOVA NORMALIDADE [...]”, COMO CONSECUCENCIA DA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA DERIVADO DA EMERXENCIA SANITARIA PROVOCADA POLO COVID-19.

Sen prexuízo das obrigas de información que ostentan as persoas titulares das actividades económicas desenvoltas nos establecementos e locais abertos ao público, e que que veñen establecidas nas diversas normas reguladoras de tales actividades – incluídas as normas sectoriais -, porén, as disposicións estatais de carácter xeral que teñen ou van ter por obxecto implementar o plan para “[...] a *transición cara unha nova normalidade* [...]”, como consecuencia da declaración do estado de alarma derivado da situación de emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19, poden ou poderán establecer normas específicas relativas ao devandito ao deber de información anteriormente referido, circunscrito ás concretas disposicións reguladoras e aos requisitos, obrigas e condicións que deben ou deberán cumprir tales establecementos e locais comerciais, para poder progresivamente proceder á súa apertura e ao desenvolvemento das actividades económicas que lle son propias.

Pois ben, como é lóxico, ditas normas específicas que teñen ou van ter como finalidade implementar o devandito plan, e que teñen ou van ter por obxecto regular a obriga de información descrita, tamén deben ou deberán ser cumpridas polas persoas titulares das actividades económicas desenvoltas nos establecementos e locais abertos ao público, e todo elo nos concretos termos e alcance establecido nas disposicións estatais de carácter xeral ditadas ao efecto.





F) SANCIONES DERIVADAS DA COMISIÓN DAS INFRACCIÓNS RELATIVAS AO EXCESO DE CAPACIDADE, AFORO OU GRADO DE OCUPACIÓN, AO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CARECENDO DE TÍTULO XURÍDICO HABILITANTE, INCUMPRINDO AS SÚAS CONDICIÓNIS OU AS CONDICIÓNIS ESTABLECIDAS POLA NORMATIVA VIXENTE, E AO INCUMPRIMENTO DA OBRIGA DE INFORMACIÓN.

Sen prexuízo doutras eventuais sancións que poidan impoñer as Administracións Públicas competentes como consecuencia da comisión de infraccións tipificadas nas normas sectoriais que lle podan resultar de aplicación tanto ás persoas titulares como aos propios establecementos e locais abertos ao público onde se desenvolve unha actividade económica, e sen prexuízo doutras sancións que se podan impoñer como consecuencia da comisión doutras infraccións tipificadas na LECEG e na LEPARG, débese indicar o seguinte:

1. Con carácter xeral, de acordo co establecido no artigo 52.1 da LECEG, considerase unha infracción moi grave no desenvolvemento de calquera actividade económica, *“Abrir un establecemento e levar a cabo actividades, ou realizar modificacións, sen efectuar a comunicación previa, sen presentar a declaración responsable a que se refire esta lei ou sen dispoñer das licenzas ou das autorizacións oportunas, ou incumplir as súas condicións, se supón un risco grave para as persoas ou os bens”*.
2. Así mesmo, consonte o establecido no artigo 53.1 da LECEG, considerase unha infracción grave no desenvolvemento de calquera actividade económica, *“Abrir un establecemento e levar a cabo actividades, ou realizar modificacións, sen efectuar a comunicación previa, sen presentar a declaración responsable a que se refire esta lei ou sen dispoñer das licenzas ou autorizacións oportunas, ou incumplir as súas condicións, se non supón un risco grave para as persoas ou os bens”*.
3. Por outra parte, tamén se considera infracción moi grave consonte o disposto no artigo 52.3 da LECEG, *“Incumplir as medidas e as condicións de seguridade e hixiene establecidas no ordenamento xurídico, así como aquelas específicas recollidas nas correspondentes comunicacións previas, nas declaracións responsables a que se refire esta lei, nas licenzas ou nas autorizacións, ou derivadas de inspeccións, cando iso supoña un risco grave para a seguridade das persoas ou dos bens”*.
4. Ademais, de acordo co establecido 53.3 da LECEG, estimase que constitúe infracción grave *“Incumplir as medidas e as condicións de seguridade e hixiene establecidas na normativa urbanística e de edificación, así como aquelas específicas recollidas na comunicación previa, na declaración responsable a que se refire esta lei ou nas correspondentes licenzas ou autorizacións, ou derivadas de inspeccións, cando iso non supoña un risco grave para a seguridade das persoas ou os bens, e sempre que non sexa constitutivo de infracción moi grave”*.
5. No tocante aos espectáculos públicos e actividades recreativas, ademais das anteriores, constitúe infracción moi grave, consonte o disposto no artigo 32 a) da LEPARG, *“Superar a capacidade máxima cando comporte un risco grave para a seguridade de persoas ou bens”*; así mesmo, constitúe infracción grave, de acordo co disposto no artigo 33 a) da devandita norma legal autonómica, *“Superar a capacidade máxima cando non comporte un risco grave para a seguridade de persoas ou bens”*.





6. Tamén no tocante aos espectáculos públicos e actividades recreativas, consonte o establecido no artigo 34 a) da LEPARG, considerase constitutivo de infracción leve *“Incumplir a obriga de información ao público nos termos establecidos no artigo 19”*.
7. As infraccións moi graves tipificadas na LECEG, consonte o establecido no artigo 58.3 de dita norma legal, poderán ser sancionadas alternativa ou acumulativamente nos termos previstos, salvo que resulten incompatibles, con:
 - a) Multa de 30.050,62 ata 601.012,1 euros.
 - b) Clausura do local ou establecemento por un período máximo de tres anos.
 - c) Suspensión ou prohibición da actividade ata tres anos.
8. As infraccións graves tipificadas na LECEG, consonte o disposto no artigo 58.2 de dita norma legal, poderán ser sancionadas alternativa ou acumulativamente nos termos previstos, salvo que resulten incompatibles, con:
 - a) Multa de 300,52 a 30.050,61 euros.
 - b) Suspensión ou prohibición da actividade por un período máximo dun ano.
 - c) Clausura do local ou establecemento por un período máximo dun ano.
9. As infraccións moi graves tipificadas na LEPARG, consonte o disposto no artigo 36.3 de dita norma legal, poderán ser sancionadas con:
 - a) Multa de 30.001 ata 600.000 euros.
 - b) Clausura do establecemento aberto ao público por un período máximo de tres anos.
 - c) Suspensión ou prohibición da actividade ata tres anos.
 - d) Inhabilitación para a organización ou promoción de espectáculos públicos e actividades recreativas ata tres anos.
 - e) Incautación dos instrumentos, efectos ou animais utilizados para a comisión das infraccións.

Os gastos de almacenamento, transporte, distribución, destrución ou calquera outro derivado da incautación serán por conta de quen cometa a infracción.
 - f) Peche definitivo do establecemento aberto ao público, que comportará para o/a infractor/a a revogación da licenza, a declaración de ineficacia da comunicación previa ou declaración responsable ou a revogación da autorización autonómica, así como a prohibición de presentar declaración responsable ou de obter licenza municipal ou autorización autonómica no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para igual actividade durante un tempo máximo de dez anos.

As sancións indicadas poderanse impoñer de maneira acumulativa, agás que resulten incompatibles.





- 10.** As infraccións graves tipificadas na LEPARG, consonte o disposto no artigo 36.2 de dita norma legal, poderán ser sancionadas con:
- a) Multa de 301 a 30.000 euros.
 - b) Suspensión ou prohibición da actividade por un período máximo dun ano.
 - c) Clausura do establecemento aberto ao público por un período máximo dun ano.
 - d) Inhabilitación para a organización ou promoción de espectáculos públicos e actividades recreativas por un período máximo dun ano.
 - e) Incautación dos instrumentos, efectos ou animais utilizados para a comisión das infraccións.

Os gastos de almacenamento, transporte, distribución, destrución ou calquera outro derivado da incautación serán por conta de quen cometa a infracción.

As sancións indicadas poderanse impoñer de maneira acumulativa, agás que resulten incompatibles.

- 11.** As infraccións leves tipificadas na LEPARG, consonte o establecido no artigo 36.1 de dita norma legal, poderán ser sancionadas con multa de ata 300 euros.
- 12.** O Concello de Burela, ostenta a competencia para incoar, instruír e resolver, os eventuais procedementos pola comisión das precitadas infraccións, e todo elo nos termos e co alcance establecido nos artigos 57 da LECEG, 39 da LEPARG, e 59 e seguintes da ORIAE.

G) SERVIZOS DE ASESORAMENTO E INFORMACIÓN DO CONCELLO DE BURELA.

Débase indicar que, de conformidade co disposto no artigo 7 da RIAE, e 6 da ORIAE, "*Os servizos municipais informarán, asesorarán e orientarán de xeito individualizado as persoas interesadas sobre as condicións técnicas, xurídicas e procedementais que puidesen derivar en relación con todo tipo de instalacións, actividades, establecementos ou obras que se pretendan levar a cabo no termo municipal*".

Así mesmo, de acordo co establecido nos artigos 73 da RIAE, e 14 e 35 da ORIAE, para garantir a axeitada presentación das solicitudes de licenza, comunicacións previas e/ou declaracións responsables reguladas en ditas normas regulamentarias, así como na LECEG, e mesmo as persoas interesadas poden formular consultas por escrito para o inicio dunha determinada actividade económica - tamén se esta é unha recreativa ou un espectáculo público -, así como para a apertura dun determinado establecemento destinado ás mesmas e dos trámites e procedementos que hai que desenvolver.

Neste último caso, a consulta será contestada no prazo máximo de tres meses e para a súa adecuada emisión, xunto coa solicitude, deberán achegarse cantos datos e documentos permitan identificar claramente a información requirida, se ben, debe sinalarse que a resposta que se emita non terá carácter vinculante.





Por outra parte, consonte o disposto nos artigos 5, letra d), do TRLSRU, 87.2 da LSG, 206.1 a) do RLSG, e 5.3 b) da normativa do PXOM do Concello de Burela, toda persoa terá dereito a que esta Administración local, a informe por escrito sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un terreo concreto ou ao sector, polígono ou ámbito do planeamento no que se atope incluído.

A anterior información deberá facilitarse nun prazo que non poderá exceder os dous meses desde a presentación da solicitude no rexistro municipal, ou nos rexistros administrativos legalmente habilitados ao efecto.

En consecuencia, de conformidade co réxime xurídico exposto, calquera aclaración ou solicitude de información adicional sobre a materia obxecto do presente Bando, ou de calquera outra relacionada co inicio e desenvolvemento de actividades económicas en establecementos, locais ou espazos abertos ao público, poderase formular ante os Servizos de Medio Ambiente e de Urbanismo do Concello de Burela, remitindo un correo electrónico a servizomediambiente@burela.org, ou, sen prexuízo do disposto no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, presentando o oportuno escrito de solicitude no rexistro desta Administración local, ou en calquera rexistro administrativo legalmente habilitado ao efecto.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE AO MARXE

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 5Q4QS7YNC1T5D4L2GAX9NR4E | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 17